



Boletín Informativo

Consellería de Educación e
Ordenación Universitaria

Edif. Admin. San Caetano s/n
15781
Santiago de Compostela

Correo: xsoie@edu.xunta.es

ANTEPROXECTO DO DECRETO DE EDUCACIÓN INFANTIL

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria pon a disposición de toda a comunidade educativa o Anteproxecto do decreto polo que se regulan as ensinanzas da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia. Pode acce-

der directamente ao documento aquí, ou ben dende o Portal Educativo.

[Acceso ao documento.](#)



COMPETENCIAS BÁSICAS

As competencias básicas representan un paquete multifuncional e transferible de coñecementos, destrezas e actitudes que todas as persoas necesitan para a súa realización e desenvolvemento persoal, inclusión e emprego; para

exercer a cidadanía activa; para incorporarse de maneira satisfactoria á vida adulta e ser capaces de desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

[Acceso ao documento.](#)



PROXECTO INTERDISCIPLINAR

No curso académico que agora comeza empezarán a aplicarse os currículos LOE e, con eles, o alumnado de primeiro da ESO terá que dedicarlle unha parte do seu horario lectivo a un **proxecto interdisciplinar**. A Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa

pon a disposición do profesorado, alumnado e familias un documento explicativo que axudará a comprender en que consiste esta novidade e a poñela en marcha.

[Acceso ao documento](#)



IMPLANTACIÓN DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Remitida para a súa publicación no DOG a Orde do 6 de setembro de 2007 pola que se desenvolve a implantación da educación secundaria obrigatoria na

Comunidade Autónoma de Galicia.

[Acceso ao documento.](#)

Contido:

Anteproxecto do decreto de Educación Infantil	1
Competencias básicas	1
Proxecto interdisciplinar	1
Implantación da educación secundaria obrigatoria	1
Xornadas bibliotecas escolares 2007	2
Bolsas para aluguer de vivenda, ciclos formativos	2
Resolución definitiva das axudas de ordenadores	2

XORNADAS BIBLIOTECAS ESCOLARES DE GALICIA 2007

Portal Galego de Contidos Educativos
<http://www.edu.xunta.es/contidos>



Os próximos días 19 e 20 de outubro terán lugar no Palacio de Congresos de Santiago de Compostela as Xornadas Bibliotecas Escolares de Galicia 2007. A inscrición farase a través de sistema de xestión da formación do profesorado


(www.edu.xunta.es/fprof). A data límite de inscrición remata o 1 de outubro. Máis información no teléfono da asesoría de bibliotecas escolares 981 54 65 47.

[Acceso ao programa.](#)



BOLSAS PARA ALUGUER DE VIVENDA, CICLOS FORMATIVOS

Plan Galego de Convivencia
<http://www.edu.xunta.es/convivencia>



A Consellería de Vivenda e Solo publica no DOG do 6 de setembro de 2007 a convocatoria para a concesión de bolsas para o acceso en aluguer á vivenda para estudantes de formación profesional que deben desprazarse para cursar un

ciclo formativo, co fin de paliar os gastos que se ocasionan como consecuencia da dispersión xeográfica da oferta formativa.

Máis información.
www.edu.xunta.es/fp

www.conselleriavivenda.xunta.es

e no teléfono 902100054

Polo Monte. Plan piloto 2007
<http://www.edu.xunta.es/polomonte>



RESOLUCIÓN DEFINITIVA DAS AXUDAS DE ORDENADORES

No [DOG nº 141](#) do venres 20 de xullo sae publicada a Resolución do 11 de xullo de 2007, da Dirección xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Espaciais, pola que se fai pública a listaxe definitiva das axudas concedidas ao alumnado de ni-

veis non universitarios para a adquisición dun ordenador persoal durante o ano 2007, convocadas por Orde do 23 de febreiro de 2007.

Mais información (<http://www.edu.xunta.es/axudasord/>)



Rede de Centros Bilingües
http://www.edu.xunta.es/contidos/rede_linguas

